



Concello de Campo Lameiro

EXPEDIENTE: 435/2021

ASUNTO: PROGRAMACION ACTOS DE NADAL 2021

TRÁMITE: PROVIDENCIA DA ALCALDIA

PROVIDENCIA DA ALCALDIA

Visto o contido das Bases Reguladoras das actividades de Nadal 2021.

Visto o recollido nas Bases:

"8. NOTIFICACION AOS PREMIADOS E PARTICIPANTES

Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración aos premiados, participantes e demais interesados, realizarase mediante publicación dos premiados o día 24 de decembro de 2021 no discurso de nadal de Papa Noel que se publicará no Facebook do concello así como na web municipal do Concello.

9. EMISIÓN E PAGO DOS BONOS

O Concello emitirá os bonos de compra ás persoas premiadas. As persoas beneficiarias dos bonos poderán solicitar una fragmentación da contía total en bonos de cantidades inferiores, sempre en cifras redondeadas e nunca inferiores a 25 euros.

As entidades facturaran ao Concello, previa xustificación, os importes equivalente á contía de gasto dos bonos canxeados, da maneira e periodicidade que estimen oportuna pero con data de finalización do proceso a 10 de xaneiro de 2022."

Visto que os prazos establecidos nas citadas Bases precisan da súa ampliación para facilitar ós/ás cidadans/cidadanas a súa tramitación.

RESOLVO

PRIMEIRO: Ampliar o prazo establecido na Base 8 en dez (10) días, cando inicialmente estaba establecido ata o 24 de decembro de 2021, motivado ós cambios producidos como consecuencia da situación sanitaria, que impediron a celebración do discurso de Nadal.

Polo tanto as notificacións producciranse a través de Facebook e páxina web do Concello.

SEGUNDO: Ampliar o prazo establecido na Base 9 ata o día 14 de xaneiro de 2021, cando inicialmente estaba fixado o 10 de xaneiro de 2021.

TERCEIRO: dar publicidade do presente en Facebook e na páxina web do Concello de Campo Lameiro a efectos de publicidade e xeral coñecemento.

Documento asinado electrónicamente

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 3JCZDY6WYS4Z2CENCSDYA9CF6 | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 1 a 1